

TRABALLO ANATOMÍA APLICADA TEMA 3

Instrucións

Escollede unha **lesión ósea ou muscular** que sufrira unha persoa que se dedique profesionalmente ao mundo do deporte ou das artes escénicas (danza, música, teatro...).

Redactade un texto no que se expliquen os seguintes apartados:

- En que consiste a lesión.
- Cales poden ser as súas causas.
- Cales foron, neste caso concreto, as súas consecuencias.
- Como se trata.
- Por que escollestes este caso e que foi o que máis vos gustou ou vos chamou a atención ao facer o traballo.
- Bibliografía.

Rúbrica

Formato (1,5 p.)	Todas os requirimentos de formato están cumpridos → 1,5 p.	Un ou dous requirimentos de formato están incumplidos → 0,75 p.	Tres ou máis requirimentos de formato están incumplidos → 0 p.
Linguaxe (1,5 p.)*	Hai menos de catro palabras ou expresións que non se adaptan ao contexto → 1,5 p.	Hai entre catro e oito palabras ou expresións que non se adaptan ao contexto → 0,75 p.	Hai máis de oito palabras ou expresións que non se adaptan ao contexto → 0 p.
Bibliografía (2 p.)	Non hai ningunha fonte non fiable → 2 p.	Ata un 25% das fontes citadas non son fiables → 1 p.	Máis dun 25% das fontes citadas non son fiables → 0 p.
Contido (5 p.)	Cada apartado levará unha puntuación sobre 1 punto, en función da corrección do seu contido e da adecuación á pregunta que se fai. Isto quere dicir que non só se terá en conta que as respostas sexan correctas, senón que se conteste de maneira concreta ao que se pregunta.		

*Linguaxe: non adaptarse ao contexto quere dicir que, ben hai palabras demasiado técnicas, que son moi elevadas para o voso nivel (porque non ten sentido que contedes no traballo cousas que non entendedes, así que se utilizades palabras técnicas **ENGADIDE LOGO ENTRE PARÉNTESIS UNHA BREVE EXPLICACIÓN DO QUE SIGNIFICAN**), ben hai palabras pouco rigorosas (“o músculo está rodeado por unha *cousa*”...).

Parellas

Neste caso, as parellas podedes escollelas vós. Tede en conta que sodes 25 alumnas e alumnos, así que ten que haber un trío.

Formato

O texto debe estar escrito a ordenador, con letra **Arial** tamaño **12**, interliñado **1,15** e marxes de **2 cm**.

Deberá ter, como mínimo, **500 palabras**. Como máximo, 700.

Cada alumna ou alumno debe entregar un arquivo en formato pdf a través da aula virtual.

O nome do arquivo deberá ser: Lesión_NomeApelido1_NomeApelido2. Por exemplo, se Margarita Domínguez e Encarna Pérez fan xuntas o traballo, o nome do arquivo que entreguen ten que ser:

Lesión_MargaritaDomínguez_EncarnaPérez

Entrega

Ata o **martes 9 de decembro ás 23:59**. Lembrade, **UNHA ENTREGA POR PERSOA**.